

ANEXO III

Ref. convocatoria: 2025/CP/034

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia da axuda:

Denominación: Alianza Europea EMERGE

Liña de investigación / Servizos científico – técnicos: Educación superior, mobilidade de estudantes e persoal, territorios e comunidades marxinadas

PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/03/2025 FIN: 31/12/2028

CENTRO Inv. Principal: Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización

OBXECTO DO CONTRATO: Apoio na xestión de proxectos internacionais
Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.

LUGAR E HORARIO: Oficina de Relacións Internacionais. Casa do Estudantado, Campus de Elviña, de 08:00 a 15:00

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo 1

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)

Investigador/a asociado/la Investigador/la en formación * Require matrícula programa doutoramento SUG

Técnico/a de apoio á investigación Axudante de apoio á investigación

Técnico/a administrativo/a Axudante administrativo/a

XORNADA Tempo Completo: Tempo Parcial: DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/03/2025

TIPO DE CONTRATO: Indefinido Duración determinada
DATA FIN CONTRATO:

RETRIBUCIÓNS BRUTAS: 2.650€*

PARTIDA ORZAMENTARIA: 0402 121A 640.00 ALIANZA EUROPEA EMERXE

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenciatura, enxeñería, arquitectura, grao, diplomatura, enxeñería técnica ou arquitectura técnica.

REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sed electrónica da UDC.

Dirixidas á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, coa **Referencia da convocatoria**.

PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes):

Titulares: Bruno Casal Rodríguez (presidente), Pablo Rodríguez-Vellando Fernández-Carvajal (secretario), Valérie Anne Bruynseraede (vocal).

Suplentes: Moisés Canle López (presidente), María Alló Pazos (secretario), Pilar Pintor Vázquez (vogal)

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Tableiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Código Seguro De Verificación	2H1GBJ2g7EFwskJjJ2/N+A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	28/02/2025 15:21:08
Observacións		Páxina	7/18
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2H1GBJ2g7EFwskJjJ2%2FN%2BA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





UNIVERSIDADE DA CORUÑA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación disteis datos (RXP), e do art. 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento disteis datos é a xestión do expediente do gasto indicado neste documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no artigo 6.1.b) e c) RXP (execución dun contrato e deber legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_rectoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Moisés Canle López

Asdo.:

Código Seguro De Verificación	2H1GBJ2g7EFwskJjJ2/N+A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	28/02/2025 15:21:08
Observacións		Páxina	8/18
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2H1GBJ2g7EFwskJjJ2%2FN%2BA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

-Tipo de contrato laboral: Indefinido vinculado a programas financiados con fondos europeos (disposición adicional quinta do Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade do emprego e a transformación do mercado de traballo).

-Centro de gasto: Erasmus+ KA2 European Universities. EMERGE European University Alliance (Alianza Universitaria Europea EMERGE).PARTIDA ORZAMENTARIA: 0402 121A 640.00 ALIANZA EUROPEA EMERXE

-Cantidade mensual bruta a retribuír: 2.650 euros brutos/mes, que incorpora a parte proporcional das pagas extraordinarias (12 pagas anuais), por todos os conceptos.

-Horas semanais de dedicación: Tempo completo, 35 horas.

-Duración prevista do contrato: desde o 01/03/2025 ata 31/12/2028 que é a data de finalización da axuda. Cun período de proba de 6 meses de duración.

Requisitos das persoas candidatas

Na data de finalización do prazo para presentar solicitudes e durante a vixencia do contrato, as persoas aspirantes deberán reunir e manter os seguintes requisitos:

- Disponibilidade para viaxar.
- Ter nacionalidade española ou calquera outra á que a normativa estatal lle atribúa igualdade de dereitos en canto para os efectos laborais na Administración pública.
- Posuír a titulación exixida e reunir o resto dos requisitos sinalados na convocatoria.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións ou tarefas descritas na memoria que integran o obxecto do contrato.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas. Tampouco encontrarse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou rango de persoal funcionario ou para o exercicio de funcións análogas ás que desempeñaba, en que estivese separado/a ou habilitado/a.
- No caso de ser nacional doutro estado, requirirase que a persoa aspirante non estea inhabilitada ou en situación equivalente, así como que non fose sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termelos, o acceso ao emprego público.
- Acreditar nivel B2 de inglés, de conformidade coas táboas de certificados oficiais recoñecidos polas mesas lingüísticas da CRUE para a acreditación de linguas estranxeiras e a súa correspondencia co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL).
- As persoas non nativas de fala española terán que acreditar un nivel de español B1 certificado conforme MCERL.

Tareas a desenvolver

Código Seguro De Verificación	2H1GBJ2g7EFwskJjJ2/N+A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	28/02/2025 15:21:08
Observacións		Páxina	9/18
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2H1GBJ2g7EFwskJjJ2%2FN%2BA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



A persoa seleccionada terá como función a colaboración en actividades da implementación do proxecto EMERGE, desenvolvendo as seguintes tarefas:

- A xestión administrativa técnico-económica recollida no plan de xestión do proxecto.
- A xestión administrativa diaria do Plan de Garantía da Calidade e de Control de Riscos.
- A xestión diaria do uso e funcionamento das xeramentas dixitais da Alianza que concirnen á UDC e aos participantes no proxecto.
- Recompilación e almacenamento da documentación venerada pola execución do proxecto.
- Apoio á xestión da comunicación da Alianza, incluíndo a redacción de noticias, notas de prensa, redes sociais.
- A organización e seguimento (convocatorias, actas, etc.) das reunións, presenciais e virtuais, dos diferentes órganos da Alianza, e comunicación interna en xeral.
- A organización e seguimento de eventos e reunións externas nas que participa a Alianza.
- Soporte administrativo na preparación e redacción de informes de xustificación e resultados da Alianza, especialmente nas tarefas relacionadas coa xestión do proxecto.
- Apoio á elaboración de prospectivas e análises de tendencias de internacionalización de interese para a alianza.

Criterios de valoración

Descritos na táboa anexa. Valorarse expresamente a experiencia en xestión de proxectos europeos KA2.

BAREMO SELECCIÓN CONCURSO

1. FORMACIÓN PARA O POSTO DE TRABALLO (Máximo 20 puntos)	
FORMACIÓN ACADÉMICA	
1.1.a) Título de Grao, Mestrado ou Licenciatura ou equivalente oficial relacionado con internacionalización, xestión administrativa e económica: Grao en ADE, Relacións Internacionais, Economía, dereito ou ciencia política e da Administración.	7 puntos / grao 5 puntos / mestrado (ata un máximo de 17 puntos)
1.1.b) Título de Grao, Mestrado ou Licenciatura ou equivalente oficial non relacionado directamente cos ámbitos indicados no apartado 1.1 a).	4 puntos / grao 3 puntos / mestrado (ata un máximo de 10 puntos)
1.1.c) Título de doutor relacionado directamente co ámbito da internacionalización.	4,5 puntos / doctorado (non se contará máis dun doutoramento)
FORMACIÓN NO ACADÉMICA	
1.2. Cursos de formación de temática directamente relacionada co perfil do posto e as tarefas que se van desenvolver	0.1 puntos por hora (mínimo 10 h/curso) desenvolver (ata un máximo de 10 puntos)
2. EXPERIENCIA PROFESIONAL EN RELACIÓN CO POSTO CONVOCADO (Máximo 50 puntos)	
2.1. Experiencia acreditada de apoio na preparación ou xestión de actividades e propostas no marco da Iniciativa de Alianzas de Universidades Europeas financiadas.	12 puntos por ano (ata un máximo de 36).
2.2. Experiencia acreditada na administración de proxectos financiados e solicitudes en convocatorias europeas ou internacionais desenvolvida no ámbito universitario.	7 puntos por ano (ata un máximo de 21 puntos)
2.3. Experiencia profesional, por ano traballado, en unidades de relacións internacionais nacionais ou estranxeiras en institucións de educación superior.	10 puntos por ano (ata un máximo de 30 puntos)
2.4. Bolseiro/a o persoal contratado con experiencia en administración de proxectos, contratos do art. 60, grupos de investigación, etc.	3 puntos por ano (ata un máximo de 9)

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
2H1GBJ2g7EFwskJjJ2/N+A==	Asinado	28/02/2025 15:21:08
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Páxina
Observacións		10/18
Uri De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2H1GBJ2g7EFwskJjJ2%2FN%2BA%3D%3D	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



2.5. Experiencia acreditada en manexo de bases de datos, programas específicos de xestión universitaria de xestión de proxectos	0,5 puntos por certificado acreditativo e/ou programa (ata un máximo de 5 puntos)
2. 6 Experiencia profesional en xestión económica, financeira, planificación de eventos, márketing e comunicación .	5 puntos por ano (ata un máximo de 12)
3. OUTROS MÉRITOS (Máximo 20 puntos)	
3.1. Niveis C1, C2 ou B2 de inglés acreditado mediante diploma oficial recoñecido polas mesas lingüísticas da CRUE	7 puntos por C2 6 puntos por C1 5 puntos por B2 (non acumulables, de acreditar ambos elixirase o máis favorable)
3.2. Nivel de idioma/s oficiais dos estados membros da Unión Europea e/ou linguas oficiais en países asociados ao programa Erasmus+ acreditado/s mediante diploma oficial recoñecido polas mesas lingüísticas da CRUE, diferentes ao exixido na convocatoria (considerarase o maior nivel certificado en cada idioma)	• C2: 6 puntos • C1: 5 puntos • B2: 4 punto (ata un máximo de 12 puntos)
3.3. Experiencia en estatías de programas de mobilidade internacional cómo estudante de grao, máster ou doutoramento, ou como persoal de administración e servizos ligado ó ámbito da internacionalización	- Estatías entre 3 e 7 días: 0,25 puntos - Estatías entre 8 días e 1 mes: 0,5 puntos - Estatías entre máis de 1 mes e 3 meses: 1 punto - Estatías entre máis de 3 meses e ata 5 meses: 2 puntos - Estatías entre máis de 5 meses e ata 9 meses: 3 puntos - Estatías entre máis de 9 meses e ata 14 meses: 4 puntos (ata un máximo de 5 puntos)
4. ENTREVISTA PERSOAL Realizarase integramente en inglés. Valoraranse capacidades, aptitudes e coñecemento das tarefas que se van desempeñar.	Máximo 10 puntos

(*) Moi importante: os méritos alegados, para seren valorados, deberán ir acompañados de copia da documentación que os acredite, e a experiencia profesional, se é o caso, xustificada co informe de vida laboral e con copia dos contratos de traballo ou alta en autónomos, xunto a informes onde consten as funcións desenvolvidas na actividade laboral que se pretende alegar cómo mérito. No caso contrario, non serán valorados pola comisión de selección.

No caso de empate atenderase á maior puntuación obtida en:

1. Experiencia profesional en tarefas afíns á do posto de traballo ofertado.
2. Formación específica para o desempeño do posto de traballo.
3. Titulación superior á esixida na convocatoria.

Para acceder á praza ou optar a ser integrante da lista de espera, as persoas candidatas deberán conseguir unha puntuación mínima de 7 puntos en formación académica, 20 puntos en experiencia profesional e 5 no punto 3.1.

Documentación que hai que presentar

- Copia do documento de identidade
- Copia de titulación de acceso
- Copia do certificado do nivel B2 de inglés recoñecido polas mesas lingüísticas da CRUE.
- Currículo no que se detallarán os méritos seguindo o mesmo esquema e conceptos na táboa de valoración, especificando as tarefas realizadas en cada posto de traballo e a duración deste. Os currículos presentados noutro formato distinto non serán valorados. A puntuación dos méritos recollidos está referidos a actividades desenvolvidas a tempo completo. En caso contrario deberase acreditar a porcentaxe de tempo de dedicación ás tarefas asociadas ao criterio de valoración. Non se considerarán os méritos que non se detallan en cada un dos criterios de avaliación.
- Documentos acreditativos de tódolos méritos alegados. A experiencia profesional verificarase mediante a presentación de contratos de traballo ou certificado de vida laboral, xunto dunha

Código Seguro De Verificación	2H1GBJ2g7EFwskJjJ2/N+A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	28/02/2025 15:21:08
Observacións		Páxina	11/18
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2H1GBJ2g7EFwskJjJ2%2FN%2BA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



descripción das funcións realizadas en cada posto. Non se considerarán os méritos que non se acrediten documentalmente.

- No caso das titulacións cursadas nun idioma distinto do castelán ou do galego, a documentación deberá vir acompañada da correspondente tradución e do formulario de declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, dispoñible no sitio web do ministerio con competencias en materia de universidades.
- Declaración responsable de que se compren os requisitos da convocatoria.
- Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

Código Seguro De Verificación	2H1GBJ2g7EFwskJjJ2/N+A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	28/02/2025 15:21:08
Observacións		Páxina	12/18
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2H1GBJ2g7EFwskJjJ2%2FN%2BA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

